



Editorial

Próximos proxectos de AGA

A Vespa velutina tennos moi preocupados. Puxemos en marcha unha plataforma STOPVELUTINA que, con máis de 30 organizacións, terá que realizar un traballo presionante sobre as administracións para que tomen esta problemática moi en serio.

AGA conformou un grupo operativo (GOI) que pon a disposición dos socios e socias as instrucións necesarias para elaborar unha trampa eléctrica para defender as nosas colmeas dos ataques desta especie invasora.

Estamos traballando para organizar unha MARCHA STOPVELUTINA para o mes de outubro por toda a Cornixa Cantabrica, que pretende ser unha grande actividade para chamar a atención de autoridades e concienciación social, para que se tomen medidas imprescindibles co fin de diminuír os efectos desta praga.

A gravidade do problema da velutina fixo que lle adicáramos moito tempo e recursos a este tema e deixáramos un pouco de lado outra actividade importante da asociación como é a divulgación técnica. Temos a intención de potenciar este tema polo que ofreceremos un servizo de formación e asesoramento máis continuado a través de artigos de divulgación que iremos publicando na web.

Paralelamente imos empezar a traballar nunha lei apícola que se adapte as necesidades da apicultura galega e que será unha grande tarefa a desenvolver.

Son todas actividades que precisan que vos involucrades activamente, algo que vos pedimos encarecidamente polo ben noso e das nosas abellas.

Xuntos/as podemos

Trampa eléctrica para protexer o colmeal da Vespa velutina

A Asociación Galega de Apicultura creou o Grupo Operativo de Innovación (GOI) coa idea de facer un estudo teórico de avaliación do sistema “Trampa eléctrica”, unha ferramenta punteira na protección dos apiarios fronte a *Vespa velutina*, e que trata de aclarar algúns aspectos sobre a súa composición e eficacia. O Grupo Operativo de AGA (GOI-AGA) está formado por varios especialistas en apicultura, en bioloxía e ecoloxía animal, así como en electrónica para o estudo do prototipo:

- Xesús Asorey Martínez, apicultor experimentado
- Laura García Sáez, traballadora de AGA
- Rafael M. Díaz Nieto, técnico en electrónica e delineado industrial
- Óscar Abad Brañas, enxeñeiro técnico naval
- Sandra Rojas Nossa, investigadora da Universidade de Vigo
- Dieter Boisis, técnico en electrónica
- Ramiro J. Freire Rivera, profesional no campo audiovisual

A través de distintas reunións os integrantes do GOI de AGA foron “despezando” a trampa e avaliando os seus compoñentes e funcionamento, discutindo aspectos tales como o sistema de alimentación do mecanismo, a súa voltaxe e intensidade, o número ideal de trampas por dispositivo de alimentación ou a colocación da trampa no apiario. A través desta posta en común de coñecementos e traballo o GOI chegou a varias conclusións sobre a trampa que se foron plasmando nos diarios da subvención e que servirán hoxe para ofrecer unha guía sobre a construción caseira do prototipo a todos os nosos socios e socias. Ben é certo que debido aos dereitos de propiedade industrial sobre a trampa, o GOI non se plantexou en ningún momento a comercialización do dispositivo, respetando así a patente rexistrada sobre él.

O obxectivo último do GOI é ofrecer aos apicultores e apicultoras un mecanismo útil de protección das súas colmeas. Este traballo investigador e de avaliación comezou no mes de febreiro e polo tanto aínda faltan as necesarias probas de campo para determinar a súa funcionalidade real. Esta falta de probas prácticas nos colmeares impide que a investigadora sobre bioloxía e ecoloxía animal, integrante do GOI e socia de AGA, certifique a eficacia ou funcionalidade completa da trampa eléctrica. Éste será un traballo a desenvolver no verán cando comece o ataque das velutinas sobre os colmeares.

No caderno central deste Correo Apícola desenvólvense, de xeito detallado, os pasos para a construción da Trampa eléctrica.



Marcha STOP Velutina

MARCHA STOP VELUTINA

Coa finalidade de chamar a atención da sociedade e gobernos sobre a problemática da *Vespa velutina*, AGA organizará do 19 ó 23 de outubro a Marcha Stop Velutina, unha marcha reivindicativa que percorrerá en tren a Cornixa Cantábrica atravesando as comunidades máis afectadas polo tártago asiático. Durante a marcha faranse actos informativos coa poboación e colectivos locais e unha gran concentración abelleira en Torrelavega, coincidindo coa Feira Nacional Apícola, onde nos recibirán autoridades convidadas, entre as cales contamos co presidente de Cantabria Miguel Angel Revilla.

A viaxe incluírá tamén visitas apícolas e turísticas, para coñecer os lugares polos que pasaremos e compartir experiencias e coñecementos sobre apicultura e a loita contra a velutina.

O medio de transporte escollido é o tren, o FEVE, que une estas comunidades de igual xeito que están unidas agora pola loita contra a *Vespa velutina*. O feito de viaxar no tren será tamén unha parte interesante da viaxe, que nos permitirá contemplar paisaxes únicas, aproveitar o tempo para charlas sobre apicultura e disfrutar da música coa que nos deleitarán os socios e socias artistas de AGA. Se conseguimos un número suficiente de participantes poderemos alugar algún dos trens turísticos de FEVE, que nos ofrecerá maior comodidade e máis servizos que un tren convencional.

Programa da viaxe

Partiremos de Ferrol o día 19 de outubro e faremos paradas nas poboacións onde pasa o tren para recoller pasaxeiros e pasaxeiras.

A primeira visita será en Luarca, onde coñeceremos ó Parque da Vida da man de Luis Laria, presidente do CEPESMA e experto en *Vespa velutina*. Continuaremos por Xixón no Xardín Botánico onde teremos un encontro con apicultores e apicultoras de ADAPAS. O día 21 assistiremos á Feira Nacional Apícola de Torrelavega onde faremos a gran concentración abelleira e por último chegaremos a Bilbao onde nos acollerán os compañeiros e compañeiras de BAMEPE, Asociación de Apicultores de Bizcaia. Aínda quedan algunhas visitas por confirmar e cuestións organizativas.

O programa definitivo, cos horarios e demais información, será enviado ás persoas que se inscriban.

Prezo orientativo

O prezo estará entre 300 a 350 € (inclúe aloxamento en media pensión, viaxe ida e volta e visitas apícolas) pero está aínda sen confirmar xa que dependerá do número de persoas e do tipo de tren que poidamos alugar. En canto teñamos o nº de pasaxeiros comunicaremos o prezo definitivo.

Inscricións

Para inscribirse as persoas interesadas poden poñerse en contacto con AGA por email info@api-culturagalega.es ou teléfono 981 508 142 indicando o nome completo, NIF, teléfono e email. Pódense anotar tamén acompañantes aínda que non sexan socios ou socias.

Antes do 31 de xullo será preciso ingresar 100 € para facer a reserva, no nº de conta de AGA:

ES09 2080 0300 8130 4557 1226 en ABANCA e enviar o xustificante a AGA por email.

A importancia da participación

O obxectivo principal da marcha é chamar a atención sobre o problema da *Vespa velutina*. para que a sociedade e gobernos actúen. O que consigamos será en beneficio de toda a comunidade abelleira, polo tanto é importante que participe o maior número de persoas posible.

Animámosvos a participar sumándovos á marcha ou colaborando doutra forma. As persoas que non poidan facer a viaxe tamén poden contribuír a esta causa realizando unha aportación económica libre, a cantidade que cadaquén poida. Na viaxe teremos moitos gastos relacionados cos actos informativos e concentracións: folletos, cartaces, faixas e outros materiais, así que se todos e todas aportamos algo, será máis fácil acadar o noso obxectivo. Nº de conta para aportacións: ES09 2080 0300 8130 4557 1226 indicando no concepto o nome do socio/a e "Aportación Marcha Stop Velutina". Despois publicaremos o total recadado e os fins para o que foi utilizado.

SUBE AO TREN E

SÚMATE Á MARCHA STOP VELUTINA!!!



SOBRE A PLATAFORMA STOP VELUTINA - GALICIA

A plataforma STOPVelutina -Galicia naceu ante a necesidade de axuntar forzas na loita para frear o avance da coñecida *Vespa velutina nigrithorax*. No mes de Abril comezou a rolda de contactos entre distintos sectores afectados pola velutina e na actualidade son xa máis de trinta asociacións as que conforman a Plataforma, entre asociacións apícolas, ecoloxistas, sindicais, organizacións agrarias, concellos e máis as Universidades de Galicia.

A Plataforma STOP Velutina considera esta situación non só como un problema de Medio Rural senón que tamén ten unha grande dimensión medio ambiental, e isto é precisamente o que se pide ás institucións: “é necesario que as Administracións con competencia medio ambiental asuman as súas obrigas na problemática da *Vespa velutina*, constitúe unha especie exótica invasora e éstas son competencia de Medio Ambiente, tanto a nivel autonómico como estatal.”

1. Impulsar á investigación: pídense convenios entre a Xunta e as Universidades para que éstas desenvolvan traballo investigador sobre a velutina. Na actualidade sabemos que existe un convenio xa asinado entre a Deputación da Coruña e as Universidades -USC e máis UdC-, cuías investigacións se centran actualmente na loita biolóxica e no cálculo económico dos custos asociados á velutina, convenio no que AGA participa. A raíz de varias xuntanzas coa Xunta soubemos que existe outro convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e as tres universidades galegas que pretende desenvolver o mesmo estudo pero a nivel de toda Galicia, un convenio aínda por asinar e onde queremos tamén facer propostas de investigación.

2. Potenciar a loita preventiva: a Plataforma comezou pedindo un trameo masivo e organizado de primavera para capturar fundadoras. Xa finalizada a primavera, o que se pide e unha “planificación estacional”, é dicir, adaptar os métodos de loita ó ciclo biolóxico da velutina coa necesaria antelación. Así, o trameo é ideal na primavera e no outono para a captura de fundadoras e de novas raíñas fecundadas, mentres que no verán as tarefas pasan pola retirada eficaz dos niños secundarios. Será habitual comezar a atopar niños secundarios de velutina nas árbores próximas aos ríos e lugares con auga e tamén preto de colmeares. Neste caso débese chamar ao 112 para que procedan a súa localización e retirada.

3. A necesidade dun organismo único: é unha reivindicación histórica; centralizar esforzos nun único organismo cunha partida orzamentaria única na que teñan presenza as asociacións apícolas para traballar conxuntamente e facer propostas.

4. A labor de divulgación social: solicitamos campañas de divulgación sobre a velutina, necesarias para distinguila doutras especies de avespas autóctonas, así como dos métodos de loita que se utilicen en cada estación. Informar á sociedade de como actuar contra a velutina según a planificación estacional mencionada. No verán a campaña débese centrar no xeito de proceder ante o avistamento de niños de velutina. Fíxose tamén fincapé en que é necesaria unha maior formación do persoal técnico encargado da retirada dos niños.

5. Axudas económicas para paliar perdas: a Consellería de Medio Rural informou hai tempo dunha futura convocatoria de axudas destinadas a paliar as perdas provocadas pola velutina, da que aínda non se sabe nada. Preguntamos cando se vai convocar esta orde de axudas. Ademais, a Plataforma reivindica que se teñan en conta non só a reposición dos enxames perdidos senón tamén o lucro cesante derivado da perda da colleita de mel e outros custos asociados á velutina, como tarefas de transporte de colmeas, sobrealimentación, limpeza, etc.

En canto ao percorrido da Plataforma, xa o día 16 de maio rexistramos no MAPAMA (Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente) o Documento de Mínimos coas peticións expostas. O día 30 de maio foi o turno da Xunta de Galicia dirixido a ambas Consellerías implicadas, Medio Ambiente e Medio Rural.

Agora a pretensión da Plataforma é que os concellos sigan sumándose á iniciativa e recabar tódolos apoios posibles. Xa son moitos os adheridos. O seguinte paso foi trasladalo aos grupos políticos do Parlamento de Galicia, que se comprometeron a rexistrar unha serie de preguntas ante a Comisión de Agricultura, algúns deles xa o fixeron. Preténdese que a súa tramitación sexa previa ao verán. Nas preguntas abórdanse tres grandes cuestións:

. Campaña de verán de retirada de niños: como se vai xestionar e como se vai informar á sociedade do xeito de proceder ante o avistamento dun niño de velutina.

. Estado dos convenios de investigación entre as institucións e as universidades galegas.

. Convocatoria de axudas para reposición de enxames e danos causados pola velutina.

Unha vez transcurrido o verán a intención é presentar unha Proposición Non de Lei con estas mesmas cuestións, tanto no Parlamento de Galicia como a nivel Estatal.

Para debatir

SOBRE A VESPA VELUTINA

Run run sobre o trameo preventivo

Os científicos e algúns grupos ecoloxistas poñen en entredito o trameo de primavera pola captura doutros insectos, sobre todo moscas. Outros científicos escriben que o 40% dos insectos que captura a velutina no medio rural son abellas, o cal que re decir que outro 60% son outros insectos que non son abellas. Entón do que habería que falar tamén é da cantidade de insectos que evitamos que coman as velutinas debido ao trameo primaveral, xa que velutina fundadora que capturemos niño que evitamos e polo tanto salvámoslle a vida a moitos outros insectos, deso tamén hai que falar.

O que deberían facer os científicos é investigar atraíntes específicos e loitas biolóxicas, xa que mentras non teñamos esas ferramentas o sentido común nos dí que o trameo de primavera é esencial.

OS PLÁSTICOS EN APICULTURA

Introducir na colmea outra cousa que non sexa madeira e cera non parece pertinente.

Co fin de evitar ceras contaminadas por pesticidas por iso se escomenzou a utilizar cadros de plástico. Outras ventaxes que aportan os plásticos é que son menos pesados, máis duradeiros e tamén moi prácticos nalgúns casos.

Onde se está a usar o plástico en apicultura?

- Nos fondos da colmea, nos cadros de plástico, cámaras de cría e medias, alimentadores e tapas de colmeas, excluidores de raiñas, cazapole, colleita de própole, xaulas de raiñas, cúpulas para a cría de raiñas, botes para o mel



INTRODUCIR ABELLAS FORÁNEAS

Dun xeito calado estanse introducindo abellas da raza Buckfast por todo o mundo e tamén en Galicia. Sempre se ten dito que é un erro meter outras razas de abellas aquí, algunhas experiencias que se fixeron non resultaron etc.

Pero vemos que por distintas razóns están entrando, sobre todo, son moi mansas e produtivas na primeira xeneración, e tamén ideais con fins didácticos. Pero tamén teñen os seus inconvenientes, se os que as usan non teñen formación suficiente non ten sentido ningún que as cultiven xa que só valerían se se evita a enxamía, para o que habería que renovar as nais regularmente con raiñas mercadas a criadores serios.

Se mercamos raiñas destas temos que ser conscentes que a nosa abella dificilmente as acepta, a súa introducción é moi dificultosa.

Na actualidade hai moita oferta desta raza procedente de criadores chapuzas por non decir timadores que son un perigo.

Parece que onde están a traballar un pouco seriamente é en Portugal por medio da Asociación de criadores de raza BUCKFAST.



CONCESIÓN DO PLAN APÍCOLA

Acaban de comunicarnos a concesión da subvención do Plan Apícola 2017. Para AGA concederon un total de 243.959 €, que se reparten do seguinte xeito: técnicos 48.000 € (80% do seu custe), tratamentos varroa 134.861 € (80% do seu custe), alimento 29.285 € (50% do seu custe) e cera 32.311 € (30% do seu custe).

Lembramos que o alimento e a cera pódese recoller ata o 15 de xullo en Erica Mel, Apícola Carballal ou Apiyago. No alimento devolverase o 50 %, como máximo 2 € por colmea, para o cal hai que ter un gasto de 4 €. No caso da cera devolverase o 30 % para os que pagaron a cera a 12 € e o 10 % para os que a pagaron a 10 €. Esta devolución farase no nº de conta indicado para a domiciliación da cota ou na solicitude do Plan Apícola. Os tratamentos da varroa, que teñen a subvención do 80 % e xa se pagan a prezo subvencionado, comezamos a repartilos según o calendario enviado na anterior circular. Para recollelos había que indicar o lugar de recollida a AGA antes do 15 de xuño e no caso de necesitar máis do solicitado na subvención, había que facer tamén o pedido antes desa data.

Nestes momentos estamos comezando a pasar o cobro das cotas e seguros xunto cos pedidos de tratamentos para a varroa. Pregámosvos que teñades fondos nas contas indicadas para o cobro e evitar así devolucións que xeneran moitos gastos.

No mes de outubro, cando a Consellería nos faga o ingreso da subvención, poderemos facer a devolución do alimento e cera que lle corresponda a cada socio/a.

COLABORACIÓN ENTRE AGA E APITERAPIA CENTER

A partir do próximo día 1 de xullo do 2017 Apiterapia Center, da man de José Castro, ofrecerá un desconto de 10€ para os socios e socias de AGA que desexen acudir a unha consulta de Apiterapia. Este desconto é aplicable tamén ós familiares e coñecidos dos membros da asociación e para ter dereito ó mesmo só é necesario indicar que se acude de parte de AGA.

Na actualidade José Castro ofrece consulta en Santiago de Compostela, A Coruña e Ourense (ver direccións na web de Apiterapia Center). Podédesvos dirixir a calquera de estas ubicacións. A maiores, pódese solicitar que a primeira consulta sexa en Arzúa, na sede de AGA, se resulta máis cómodo por razón de desprazamento.

Datos de contacto:

- . José Castro
- . Tfno: 671 287 351 . Email: info@apiterapia.center
- . Páxina web: www.apiterapia.center
- . Custo da consulta con desconto: 25€

O PARLAMENTO EUROPEO DI NON Ó USO DOS PRAGUICIDAS NAS ZONAS DE INTERESE ECOLÓXICO

O pasado 14 de xuño o Parlamento Europeo acordou a través dun acto delegado, non bloquear a proposta da Comisión Europea para deter o uso dos praguicidas nas zonas de interese ecolóxico (EFAS). Este é un paso coherente para a recuperación dos espazos de interese ecolóxico e que camiña hacia un sistema agrícola máis sostible. Os estudos realizados en todo o mundo demostran un potencial aumento dos rendementos dos cultivos que son dependentes da polinización (25% de aumento promedio, un 12% de aumento para o trigo, un 26% de aumento para os chícharos, un 32% de aumento na produción de cenouras).

O vello argumento da Comisión de Agricultura acerca da necesidade na utilización de praguicidas para aumentar a produción de leguminosas e non depender así da soia transxénica (xenéticamente modificada) veuse xa superado (so un 1% da proteína crúa necesaria para alimentar proviña da soia XM).

Francesco Panella, Presidente da Coordinadora Apícola Europea “Bee Life” na que AGA participa como membro, sinalou o necesario desta medida “frear o eccidio polo menos nas zonas de interese ecolóxico” advertindo tamén que isto non é mais que o comezo do camiño hacia un modelo agrícola sostible, compatible cos polinizadores, e que agora o seguinte paso é que os Estados apoiem a proposta da Comisión para prohibir o uso dos praguicidas neonicotinoides, tan perigosos e dañinos para a nosa saúde.

BOAS NOVAS PARA O MEDIO AMBIENTE E PARA A NOSA SAÚDE!!

Máis información:

<https://www.bee-life.eu/>

<http://apiculturaiberica.com/index.php/actualidad/el-parlamento-europeo-respalda-prohibir-el-uso-de-praguicidas-en-los-sies>



AGA informa

PRAGUICIDAS E VELUTINA NA 32ª MOSTRA GALEGA DE APICULTURA

Na última edición da Mostra Galega de Apicultura, celebrada o pasado 3 de xuño en Arzúa, falouse sobre os temas que máis afectan a actividade apícola na actualidade: a Vespa velutina e os praguicidas.

Luis Ferreirim de Greenpeace, explicou a importancia das abellas e demais polinizadores, entre outras cousas porque dos insectos depende a polinización do 90% das flores e obtemos un tercio da alimentación dos humanos. Ferreirim detallou a extensa revisión científica realizada por Greenpeace sobre o uso dos pesticidas que xustifica a súa necesaria prohibición, pois é un dos factores, dentro do modelo agrario industrial, que provoca a elevada mortantande das abellas e outros polinizadores. A organización ecoloxista está presionando tanto na Unión Europea como ó goberno español para que apoiem esta prohibición.

Sobre este tema tamén falou Laura García de AGA que expuxo a postura de Beelife sobre os pesticidas en Europa. Según Bee Life, hai demasiadas excepcións nas prohibicións parciais que ata agora se levan aplicado e non son suficientes para garantir a saúde das abellas e da biodiversidade, polo que esixen a súa prohibición total.

Sobre a loita contra o tártago asiático, a Plataforma Stop Velutina presentou as súas reivindicacións e AGA anunciou a Marcha Stop Velutina pola Cornixa Cantábrica, do que informamos noutros artigos neste correo apícola. O Grupo de Innovación de AGA ofreceu un obradoiro sobre a utilización da trampa eléctrica para protexer as colmeas fronte a velutina e tal como se comunicou alí, incluímos as instrucións para a construción da trampa neste correo.

Ademais das charlas, os asistentes puideron adquirir produtos apícolas na feira de material, na que contamos con diferentes casas comerciais. Tamén os máis pequenos puideron disfrutar de varias actividades no espazo infantil e moitos socios e socias participaron no xantar abelleiro celebrado na pulpeira de Santa María.

O artigo completo está dispoñible na web de AGA.

VACACIÓNS DE AGA E ERICA

Do 15 ó 31 de agosto AGA e Erica Mel permanecerán pechadas por vacacións do persoal.

Pregamos ós socios e socias que teñan que facer algún pedido, que o fagan con tempo suficiente de antelación.

A SEMANA DA ABELLA NO PARLAMENTO EUROPEO

Entre os días 26 e 28 de xuño o Parlamento Europeo acolleu a “Semana das Abellas” un encontro no que participou a Coordinadora Apícola Europea Bee Life (da que AGA forma parte), a Axencia Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA), a COPA-COGECA entre outros 130 participantes de toda Europa e outros países do Mediterráneo.

O simposio científico foi organizado pola eurodiputada Mariya Gabriel baixo o lema deste ano “Abellas e biodiversidade, novas cooperaciónns” e ten como obxectivo abrir novas vías de cooperación entre apicultores e apicultoras, agricultores e outras partes interesadas tanto no campo como a nivel de política e ciencia.

Un dos obxectivos principais é a recopilación e análise de datos sobre a saúde das abellas na Unión, pero inclúe outras interesantes cuestións sobre apicultura como o obradoiro sobre “cidades amigas das abellas” e un foro de debate entre apicultores e agricultores.

O evento pechou co compromiso dun futuro lanzamento dunha asociación europea e o firme acordo de traballar xuntos. Contou coas intervencións de Antonio Tajani, Presidente do Parlamento Europeo, Pekka Pesonen, Secretario Xeral do Copa-Cogeca e Barbara Pesce Monteiro, Directora de ONU-PNUD en Bruselas.





APRENDE UNHA PROFESIÓN CON FUTURO: POLINIZADOR HUMANO (Con retransca de Greenpeace)

Por qué facerse polinizador/a

. O 80% das plantas con flores son polinizadas polas abellas.

. O 76% da alimentación humana depende das abellas.

. Por cada euro que percibe o abelleiro/a polos produtos das abellas, o seu equivalente polinizador dos produtos agrícolas avalíase en 30 €.

. O impacto económico anual da polinización supón 265 mil millóns de euros, a nivel europeo 22.000 mil millóns, en España 2.400 millóns, e en Galicia 432 millóns de euros.

Tendo en conta que cada vez desaparecen máis abellas aprender a polinizar vai ser necesario e garantía dunha profesión de éxito

Guía práctica para polinizar

Para realizar unha polinización manual eficaz, levaremos o pole desde os estames masculinos da flor ao pistilo fiminino cun pincel ou bastonciño.


Material necesario:

. Pincel ou bastonciño para os oídos

. Escaleiras para trepar aos arbores frutais e afíns

Noraboa, xa tes unha profesión de futuro!

Terás que polinizar unhas 10.000 flores ao día para ir ao ritmo dunha abella!



AGA

Feira Nova s/n, Santa María
15819 Arzúa.A Coruña
T. 981 508 142
E-mail: info@apiculturagalega.es
www.apiculturagalega.es

